



UNIVERSIDADE
DE VIGO

1

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Jato Rodríguez, M^a Victoria
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Alén González, Elisa
Araujo Nespereira, Pedro A.
Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
Caballero Rúa, Armando
De Miguel Palacios, Carlos Juan
Deaño Deaño, Manuel
González Piñeiro, Luís
Gutierrez Nieto, Manuel
López Díaz, María
Muñoz López, Luís
Noia Campos, M^a Camiño
Suárez Pazos, Mercedes
Vila Alonso, Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luís
Cabeza Pereiro, Jaime
Fernández Souto, Ana Belén
González Cerdeira, Xulia
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejías Sacaluga, ana María
Pereira Domínguez, Alejandro
Pino Juste, Margarita

PDI-B:

Fernández Covelo, Emma
Gil Villanueva, José María
Rodríguez Ramilo, Silvia Teresa

ESTUDANTES:

Barreiro Rodríguez, Rocío
González Ansias, Yago
Iglesias Graña, Santiago
Sánchez Gálvez, Estevo
Terol Martín, Irene
Vidal Rodríguez, Saleta

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Luis, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

De Lorenzo Rodríguez, Edita

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 26 de xullo de dous mil dez, convocada para as 10:15 horas en primeira convocatoria e ás 10:45 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O luns día 26 de xullo de 2010, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Informe previsto no artigo 75 dos Estatutos da Universidade de Vigo sobre o nomeamento do novo Xerente.
2. Elección dos membros das comisións delegadas estables do Consello de Goberno: Organización académica e profesorado, Planificación e asuntos económicos, Investigación e Extensión universitaria e estudantes.
3. Aprobación, modificación e supresión, se procede, de cargos académicos.
4. Aprobación, se procede, das transferencias de crédito entre programas de gasto.
5. Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.
6. Nomeamento de representantes da Universidade de Vigo na Xunta Xeral de Accionistas de Cidade Universitaria, S.A.
7. Nomeamento de representantes da Universidade de Vigo na Xunta Xeral de Accionistas de Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A.
8. Aprobación, se procede, do seguinte convenio: Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade de Fortaleza (Brasil) para o intercambio de estudantes.
9. Rogos e preguntas.

Punto 1. Informe previsto no artigo 75 dos Estatutos da Universidade de Vigo sobre o nomeamento do novo xerente.

De acordo co establecido no art. 76 dos Estatutos da Universidade de Vigo, informa o reitor ao Consello de Goberno que vai propoñer ao Consello Social da Universidade de Vigo a contratación como xerente a D. Manuel Fernández Jáuregui.

Se esta proposta é aprobada polo Consello Social, o novo xerente dirixirá un equipo xerencial integrado por 2 vicexerencias, cos seguintes contidos funcionais:

- Vicexerencia de Recursos Humanos.
- Vicexerencia de Internacionalización.

Punto 2. Elección dos membros das comisións delegadas estables do Consello de Goberno: Organización académica e profesorado, Planificación e asuntos económicos, Investigación e Extensión universitaria e estudantes.

A secretaria xeral expón que non é necesario facer elección dos membros das comisións delegadas estables previstas no art. 16 do Regulamento de réxime interno de Consello de Goberno, xa que se presentaron tantos candidatos como postos, quedando incluso vacantes en varios sectores en algunhas comisións.

A composición das comisións quedaría como segue:

ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO

MEMBROS NATOS:

Vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade: Barcia Rodríguez, Ignacio
Vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións: Estévez Toranzo, Margarita.

PROFESORADO (5):

Alén González, María Elisa
González Piñeiro, Luís
López Díaz, María
Muñoz López, Luís
1 praza vacante

ESTUDANTES (2):

González Ansias, Yago
1 praza vacante

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (1):

1 praza vacante

CONSELLO SOCIAL (1):

Pérez Mato, Federico

PLANIFICACIÓN E ASUNTOS ECONÓMICOS

MEMBROS NATOS:

Vicerreitoría de Economía e Planificación: García Vázquez, José Manuel
Xerente: Fernández Jáuregui, Manuel

PROFESORADO (5):

Araújo Nespereira, Pedro A.
Noia Campos, M^a. del Camino
3 prazas vacantes

ESTUDANTES (2):

2 prazas vacantes

PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (1):

1 praza vacante

CONSELLO SOCIAL(1):

López Atrio, Laura

INVESTIGACIÓN

MEMBROS NATOS:

Vicerreitora de Investigación: Longo González, M^a. Asunción
Vicerreitora de Investigación e Transferencia do Campus de Ourense: Jato Rodríguez, M^a. Victoria
Vicerreitor de Transferencia do Coñecemento: Vilán Vilán, José Antonio

PROFESORADO (5):

Alba Castro, José Luis
Caballero Rúa, Armando
González Cerdeira, Julia
Fernández Covelo, Emma
Rodríguez Ramilo, Silvia Teresa

ESTUDANTES (2):

Vidal Rodríguez, Saleta
1 praza vacante

PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (1):

1 praza vacante

CONSELLO SOCIAL (1):

López Atrio, Laura

EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E ESTUDANTES

MEMBROS NATOS:

Vicerreitor de Extensión Universitaria: Costas González, Xosé Henrique

Vicerreitor de Relacións Internacionais: Fernández Iglesias, Manuel

PROFESORADO (5):

Mejías Sacaluga, Ana M^a

Suárez Pazos, Mercedes

3 prazas vacantes

ESTUDANTES (2):

2 prazas vacantes

PAS (1):

1 praza vacante

CONSELLO SOCIAL (1):

Castela Martínez, Julio

A secretaria xeral expón que de acordo co establecido no artigo 18 do Regulamento de réxime interno de Consello de Goberno as vacantes nas distintas comisións delegadas cubriranse mediante nova elección con ocasión do próximo Consello de Goberno.

Cédese a palabra a Prf^a Silvia Teresa Rodríguez Ramilo quen anuncia a su renuncia como membro da Comisión delegada de Investigación polo sector PDI –B.

O reitor acepta a súa renuncia e a secretaria xeral solicita que a presente por escrito nun dos rexistros da Universidade.

Cédese a palabra ao Prf. Jaime Cabeza que solicita que conste en acta a súa protesta pola no admisión da candidatura do Prf. Alejandro Pereira para a Comisión delegada de Extensión Universitaria e Estudiantes. Expón que dita candidatura deveu ser admitida por ser presentada o día 21 de xullo conforme ao establecido no artigo 38 da Lei de Procedemento Administrativo, que permite a presentación dos escritos noutros rexistros que os da propia Universidade.

O Reitor contesta que terá en conta a súa suxestión para incorporar á normativa electoral, tendo en conta o informe da Asesoría Xurídica.

Punto 3. Aprobación, modificación e supresión, se procede, de cargos académicos.

O reitor informa a reorganización de cargos académicos que se traducen nunha reformulación das áreas, nas que se actualizan as denominacións debido aos cambios derivados da reorganización das competencias, así como a redución do seu número e o inicio dun proceso de profesionalización de determinadas áreas.

O número de áreas pasará de 23 a 29.

O reitor procede á lectura do seguinte listado non que se dá conta da creación de novos cargos e a supresión doutros:

NOVOS CARGOS	
Comisionados	
Comisionado para Coordinación interna	Ana María Graña Rodríguez
Comisionado para Novos Proxectos	
Direccións de área	
Estudos de Grao	
Estudos de Posgrao	
Profesorado	
Apoio á docencia e calidade	Inmaculada Prieto Jiménez
Formación e innovación educativa	Luis Anido Rifón
Centro de línguas e servizo de tradución	Dolores González Álvarez
Emprego	José Ignacio Armesto Quiroga
Extensión cultural deportiva e de comunicacións do Campus de Pontevedra	Ana Belén Fernández Souto
Xestión Académica	Ángeles Hermida Paredes
Descentralización	Xoán Xosé Salgado González
Deportes	Miguel Ángel Nombela Castaño
Calidade	

CARGOS A EXTINGUIR	
Comisionado do departamento técnico de obras e instalacións	
Direccións de área	
A. novos proxectos	
Servizo de publicacións	
Centros	Data límite de extinción 31/10/10
Departamentos	
Implantación de títulos de grao	Data límite de extinción 31/10/10
Posgrao	Data límite de extinción 31/10/10
Adaptación ó EEES	
Centro de línguas	
Programas de Calidade	
Responsable da oficina de software libre	
Innovación educativa	
Coordinación e estudantes no campus de Ourense	
Planificación e coordinación do campus de Pontevedra	
Extensión Universitaria e estudantes do campus de Pontevedra	
Comunicación	Data límite de extinción 31/10/10
Programas de transferencia	
CITI	
Estudantes e deportes	

O reitor anuncia que os nomes dos cargos que non figuran na relación anunciaranse no próximo Consello de Goberno no apartado Informe do reitor.

Cédese a palabra ao Sr. Estevo Sánchez Gálvez que pregunta por que se suprime o Servizo de Publicacións, que na súa opinión é un erro que debe ser obxecto de nova formulación. O reitor contesta que se suprime a área, isto é, o cargo de libre designación, pero que o servizo mantense. Trátase dun dos servizos que se persegue profesionalizar e potenciar.

Cédese a palabra ao Prf. Jaime Cabeza. En primeiro lugar sinala que a documentación complementaria sobre o punto 3 da orde do día foille remitida o venres 23 de xullo, solicita que para o próximo Consello de Goberno a documentación sexa remitida coa convocatoria e orde do día.

Sinala que comparte co reitor a decisión de redución de direccións de áreas, a súa reestruturación e a profesionalización do PAS. Discrepa no nomeamento dos comisionados. Que non di a verdade cando anuncia que se suprimen vicerreitorías, ao contrario, que as engorda, pois se creou algún comisionado con vocación estrutural e co mesmo rango dos vicerreitores. E que descoñece o contido competencial do Comisionado de novos proxectos.

Para rematar, fai o rogo sobre a necesidade de que se consensúe un nome para someter o nomeamento do novo presidente do Tribunal de Garantías ao Claustro.

O reitor replica subliñando a vocación de transparencia coa que se levou a cabo a nova reestruturación, rexeita a acusación do Prf. Jaime Cabeza sinalando que se mantén o mesmo número de comisionados e que, en conxunto, a nova estrutura de dirección e xestión sofre unha redución dun 43%, que se trata dun primeiro axuste, que hai unha vocación de seguir reducindo e ata repensar unha nova profesionalización dalgunha área adicional.

Igualmente solicita desculpas polo que respecta ao atraso no envío de documentación adicional sobre a creación e supresión de cargos. Que, salvo imponderables, a documentación remitirase coa convocatoria e orde do día do Consello de Goberno

Por ultimo, respecto da necesidade de consensuar o nomeamento do novo Presidente do Tribunal de Garantías, intentarase en primeiro lugar falar con todos os colectivos para poder decidir por consenso o novo presidente, que xa solicitou informe da Asesoría para estudar legalmente a situación.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, das transferencias de crédito entre programas de gasto.

O reitor cede a palabra ao xerente quen dá conta de cada unha das transferencias de crédito e que figuran na documentación anexa (**anexo I**).

Apróbase por asentimento.


* Dixeramos para por comisión pro no punto 6 de acto de C. G. de data 26-07-2010 en vez de "Xunta Xeral de Accionistas de Cidade Universitaria, S.A." dele diro "Consejo de Administración de CUSA" (modificación aprobada no sesión de C. G. de data 13-06-2011).

Vigo, 14-06-2011
A Secretaría Xeral

Inm. Culob Valeije Alvaroz



* Dixeramos para por comisión pro no punto 7 de acto de C. G. de data 26-07-2010 en vez de "Xunta Xeral de Accionistas de Cidade Tecnolóxica de Vigo, SA" dele diro "Consejo de Administración de Cidade Tecnolóxica de Vigo, SA".



Vigo, 14-06-2011
Secretaría Xeral

Inm. Culob Valeije Alvaroz

Punto 5. Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.

O reitor cede a palabra ao xerente que dá conta de cada unha das incorporacións de remanente que se solicitan e que figuran na documentación anexa (**anexo II**).

Apróbase por asentimento

* **Punto 6.** Nomeamento de representantes da Universidade de Vigo na Xunta Xeral de Accionistas de Cidade Universitaria, S.A.

Non que respecta a Cidade Universitaria, SA, o reitor informa que neste momento Alberto Gago é Presidente do Consello de Administración de CUSA, cargo que pasará a ocupar D. Salustiano Mato, en tanto que é membro nato de dito Consello. Igualmente informa do cesamento de Dna. Ana Fernández Pulpeiro que estaba nesta sociedade como xerente, sendo substituída polo actual xerente, D. Manuel Fernández Jáuregui.

Tamén informa do cesamento de Dna. Esther González Pillado e proponse como vocal do Consello de administración de CUSA a D. José Antonio Vilán Vilán, vicerreitor de Transferencia e Coñecemento. Tamén proponse o cesamento de D. José Cidrás Pidre e do nomeamento de D. José Manuel García Vázquez.

Apróbase por asentimento.

* **Punto 7.** Nomeamento de representantes da Universidade de Vigo na Xunta Xeral de Accionistas de Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A.

O reitor informa do cese de D. José Cidrás Pidre e do nomeamento de D. José Antonio Vilán Vilán, vicerreitor de Transferencia e Coñecemento.

Apróbase por asentimento

Punto 8. Aprobación, se procede, do seguinte convenio: Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade de Fortaleza (Brasil) para o intercambio de estudantes.

O reitor cede o uso da palabra ao vicerreitor de Relacións Internacionais quen expón o contido concreto do convenio.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Rogos e preguntas.

A Prf^a Camiño Noia toma a palabra para preguntar en que consiste a profesionalización das áreas. Fundamentalmente no que incumbe ao Servizo de Publicacións.

O reitor responde que se trata dunha nova formulación do Servizo de Publicacións, non dunha eliminación de contidos, que o que se persegue é a profesionalización da súa xestión.

Cédese a palabra ao Prf. Jaime Cabeza que sinala que nos nomeamentos da Sociedade de capital CUSA, obviáronse as esixencias dunha política, a de xénero, no acceso aos Consellos de administración.

Cédese a palabra ao Prf. Enrique Barreiro quen fai suxestións para a mellora das listas de distribución a comunidade. Na súa opinión, deberían utilizarse listas de distribución elaboradas directamente nos servizos informáticos, de tal xeito que a eles se lles pasa unicamente unha relación de membros da comunidade universitaria e xa se encargan de elaborar a lista coas direccións de cada un deses membros. É o mesmo que se fai xa coa lista de directores e decanos, avisos, comunidade, etc. Na súa opinión esta forma de funcionar debería de establecerse como procedemento cando haxa listas habituais de destinatarios (consello de goberno, coordinadores de máster, membros de claustro, consellos de campus,...) para evitar esas listas feitas "artesanalmente" que acaban provocando erros.

Tamén expón o seu desacordo coa exclusión de varios ex-alumnos titulados na Escola Superior de Enxeñería Informática que se presentaron ás listas de espera de profesorado dun departamento e foron excluídos (tanto na lista provisional como na definitiva, a pesar de recorrer) por non cumprir o requisito da titulación. Segundo a convocatoria poderían presentarse licenciados, enxeñeiros, graduados ou similares, e no caso dalgún destes titulados trátase dun enxeñeiro técnico en informática de xestión e máster en consultoría de software libre (que é un máster oficial desta Universidade). Na súa opinión no novo marco do EEES un titulado cun máster oficial ten unha titulación superior á de graduado, independentemente de se a súa titulación de acceso ao máster foi a de licenciado, graduado, diplomado ou enxeñeiro técnico, polo que baixo ningún concepto deberíase de excluír por este motivo.

Por ultimo, pregunta como afecta a eliminación de cargo de responsable da oficina de software libre ao convenio asinado coa Xunta de Galicia.

Ou reitor contesta que as funcións seguirán existindo ligadas ao Informatic Center

Cédese a palabra ao Sr. Xan Cebro que alude novamente á conveniencia de que o Servizo de Publicacións débese profesionalizar no persoal de biblioteca, e recorda a existencia da Disposición Adicional 4^a dos Estatutos da Universidade de Vigo que obriga a crear nun prazo de seis meses desde o día seguinte da entrada en vigor dos Estatutos no Diario oficial de Galicia o Servizo de Normalización Lingüística, tamén pregunta cal vai ser a forma de xestión da futura escola infantil.

Cédese a palabra a Prf^a Mercedes Suárez Pazos quen fai suxestións sobre a conveniencia de crear unha modalidade de boletín onde se recollese información máis detallada e orientadora sobre a forma de proceder con certos actos ou trámites, como exemplo sinala certas dúbidas que lle suscita cubrir actas ou recoñecemento dalgunhas modalidades de créditos

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:20 horas do día 26 de xullo de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

Salustiano Mato de la Iglesia



A secretaria xeral

M^a Inmaculada Valeije Álvarez

A handwritten signature in black ink, appearing to be "M^a Inmaculada Valeije Álvarez".